



OURENSE, A VINTEDOUS DE NOVEMBRO DO DOUS MIL VINTECATRO.

XUIZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 50-2024 / TEMPADA 2024-25

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

Competición: LIGA GALEGA MIXTA; INFANTIL

Equipos participantes: CW PONTEVEDRA -CW SANTIAGO RÍAS DO SUR

Día, hora e lugar: 16-11-24; 19:45; PONTE MUÑIÑOS, PONTEVEDRA

FEITOS

ÚNICO: O día 18/11/24 foi remitido a este Xuíz Único acta e anexo adxunto asinados polos árbitros do encontro. No anexo, textualmente, se recollen os seguintes feitos:

"Ao finalizar o partido, o xogador do equipo visitante número 2, Rodrigo Carrilo Romero, chamou "hijos de puta" aos xogadores/as do equipo local. Tras ser advertido polo equipo arbitral de que non podía continuar mantendo esa conduta e tras negarse a saudar ao resto de xogadores do equipo contrario, quixo achegarse á Mesa para falar co equipo arbitral e no transcurso cruzouse cos xogadores do equipo contrario, aos que empurrou. Ante isto, móstraselle tarxeta vermella e comunicáselle que abandone de inmediato a instalación."

FEITO SEGUNDO: O día 18 deuse trámite de audiencia ós interesados polo prazo de dous días hábiles.

FEITO TERCEIRO: Non se realizaron alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

FUNDAMENTO DE DEREITO PRIMEIRO: A redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "Iuris tantum" que non foi desvirtuada.

FUNDAMENTO DE DEREITO SEGUNDO: Os feitos como constitutivos de infracción **GRAVE** do artigo 6, epígrafe "e", **Os actos notorios e públicos que atenten ao decoro ou dignidade deportiva.**

FUNDAMENTO DE DEREITO TERCERO: As sancións que se poden impoñer, con base no artigo 9 son:

- a) Suspensión ou inhabilitación, ou privación da licenza federativa, dun mes a dous anos, ou de catro ou máis encontros en unha mesma tempada.
- b) Privación dos dereitos de asociados dun mes a dous anos.

RESOLUCIÓN

Impor a **RODRIGO CARRILO ROMERO**, con base nos feitos e fundamentos de dereito descritos:

SANCIÓN GRAVE, computada no seu grado mínimo, consistente en **SUSPENSIÓN TEMPORAL DA LICENCIA FEDERATIVA POR UN MES.**

José Antonio Nóvoa
Colexiado en exercicio I.C.A. Ourense 2.623

Xuíz Único Comité de Competición da FEGAN
Firmado dixitalmente